

ESQUEMA DE TRABALLO EN LINGUA GALEGA. 2º DE E. PRIMARIA

PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 2º NIVEL

MATERIAIS:

- Caderno de traballo.
- Material gráfico diverso (láminas, debuxos, fotografías, murais...).
- Material fotocopiado.
- Material de elaboración propia polo equipo docente.
- Recursos informáticos (xogos interactivos, aplicacións, vídeos...).
- Biblioteca do centro e da aula.

PLAN DE TRABALLO:

Os contidos da área de Lingua galega traballarase a partir dos distintos tipos de texto extraídos dos materiais enumerados. Con carácter xeral, a distribución do traballo será a seguinte:

- Comezase a sesión cunha pequena plática ou explicación do contido a estudar, continuándose cun ditado ou breve comprensión lectora, sempre relacionados cos contidos traballados.
- De seguido, abordarase os contidos programados para cada sesión a través do traballo coa libreta, fichas e xogos interactivos. Na medida do posible tentarase presentar os novos contidos partindo de material manipulativo, murais e material gráfico diverso que axuden á comprensión dos mesmos.
- Por último, faremos un repaso oral do aprendido. Fomentarase o xogo como principal actividade para o afianzamento dos novos contidos e a súa relación cos xa adquiridos. Tentarase redirixir frecuentemente ao alumnado á carpeta de Lingua da *Aula virtual* onde atoparán xogos relacionados cos novos contidos aprendidos.

Ademais contarán con 20 minutos de lectura diaria (PLSS) despois do recreo, a cal distribuirase ao longo da semana en:

- Lectura compartida
- Lectura individual e silenciosa
- Lectura en voz alta
- Lectura comprensiva
- escoita activa

Os bloques de contidos que se abordan nesta área son:

- Bloque 1. Expresión oral: escoitar e falar.
- Bloque 2. Expresión escrita: ler
- Bloque 3. Expresión escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

A aprendizaxe destes contidos farase a través de tarefas individuais e/ou por equipo para intentar desenvolver as competencias clave, poñendo especial interese naquelas que afonden na mellora e perfeccionamento do uso da lingua (expr.oral).

Tamén se pretende establecer nexos de unión con outras áreas de coñecemento, entre elas a área de Lingua castelá, dado que existen contidos comúns entre ambas áreas (Lingua galega e Lingua castelá). Aproveitarase o beneficio de estudar as dúas linguas cooficiais para aplicar o concepto TIL (Tratamento Integrado de Linguas) co fin de abordar conxuntamente contidos similares e non sobrepoñelos nas dúas áreas, sobre todo no eido da ortografía e gramática.

Deixarase un determinado tempo para a realización das actividades na clase.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e traballaranse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
<p>VOCABULARIO</p> <ul style="list-style-type: none"> - O abecedario. Orde alfabética - Familia de palabras - Diminutivos - Sinónimos e antónimos <p>ORTOGRAFÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Punto e maiúsculas - Palabras con ca,que,qui,co,cu - Palabras con za,ce,ci,zo,zu - Signos de interrogación e exclamación <p>GRAMÁTICA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Letras e palabras - A sílaba - A oración. Tipos de oracións - Suxeito e predicado <p>LECTURA E ESCRITURA</p> <ul style="list-style-type: none"> - A nota - A invitación - A felicitación - A descrición - A presentación - Contar unha historia - Expresar opinión 	<p>VOCABULARIO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Campos semánticos - Aumentativos - Palabras derivadas - Onomatopeas <p>ORTOGRAFÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Palabras con g,gu,gü - Palabras con br,bl,cr,cl,pr,pl,gr,gl,tr,tl,fr,fl - Palabras con r e rr <p>GRAMÁTICA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nome común e propio - Nomes colectivos e individuais - O xénero e o número - O artigo - Os adxectivos - Os demostrativos <p>LECTURA E ESCRITURA</p> <ul style="list-style-type: none"> - A noticia - O anuncio - O conto - As instrucións 	<p>VOCABULARIO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Palabras compostas - Palabras polisémicas - A comparación - Frases feitas - O dicionario <p>ORTOGRAFÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Palabras con -mp e -mb - Palabras con -nh- - Por que e porque - A coma - O guión <p>GRAMÁTICA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os pronomes persoais - O verbo - Os tempos verbais - O plurilingüismo <p>LECTURA E ESCRITURA</p> <ul style="list-style-type: none"> - O correo electrónico - O cómic - A entrevista - O diálogo - A exposición oral

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os estándares de aprendizaxe avaliábelson o referente para avaliar a adquisición dos contidos por parte do alumnado. Aplícanse os distintos tipos de avaliación (autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación) a través dos instrumentos indicados na táboa. En función dos seus resultados as cualificacións rexístranse mediante número (1,2,3,4,5,6,7,8,9,10) e do seguinte xeito: IN (insuficiente), SUF (suficiente), BE (ben), NT (notable) e SB (sobresáinte).

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
1. Comunicación oral	<ul style="list-style-type: none">● Escala de observación● Rexistro anecdótico● Intercambios orais	10
2. Ler	<ul style="list-style-type: none">● Escala de observación● Rexistro anecdótico● Probas de comprensión lectora	40
3. Escribir	<ul style="list-style-type: none">● Análise da produción do alumnado: caderno, textos escritos...	30
4. Coñecemento da lingua	<ul style="list-style-type: none">● Análise da produción do alumnado● Actividades de aula	10
5. Educación literaria	<ul style="list-style-type: none">● Escala de observación● Intercambios orais● Produción do alumnado	10





CEIP de TARRIÓ
CULLEREDO